

Espertar a sensibilidade

Se é certo que “a imaxinación nos fai máis libres e felices”, deixemos que voe e que aniñe alí onde reina a pobreza material e espiritual, permitamos que sexa posible o imposible e que os bos desexos se convirtan en realidade, unha realidade máxica capaz de facer esquecer por un momento o que de negativo pode ter a vida.

Isto -ou algo similar- rón-dalle pola cabeza a Rosana Patatolata, un personaxe certamente particular -por non dicir extravagante- que Xosé A. Perozo crea en *Noite de Reis en Kalpankalá*, unha historia que recrea o conflito xerado entre as súas maxestades reais Melchor, Gaspar e Baltasar e Papá Noël ao vérense sen agasallos que levarlles aos nenos de Vila-deteixo cando estes os esperan impacientemente ao final dun ano e aos comezos doutro. Tales celebridades acúsanse mutuamente dos roubos e de térense usurpado protagonismo nunhas festas máxicas para algúns e non tan felices para outros. Este ano, e grazas a intervención dunha vella tan delgada coma unha vasoira, á que todo o mundo coñece pero que ninguén sabe onde está, os rapaces do barrio pobre de Kalpankalá recibirán flamantes

A tolerancia como bo remedio



MARÍA NAVARRO



agasallos tan cheos de ilusión como a fantasía que rodea o conto.

Perseguir un ideal e conseguilo, contemplar o sorriso dun neno ante un desexado xoguete ou espertar a sensibilidade para cos máis necesitados semellan interesantes estímulos para un texto que, dirixido basicamente a nenos duns oito ou dez anos, introduce unha pizca de discordia onde habitualmente vemos -ou queremos ver- marabilla como é a chegada de Papá Noel ou dos Reis Magos aos fogares onde hai posibilidade de recibilos, como se a maxia tivese só cabida entre os ricos e poderosos e lles estivese vedado aos máis débeles.

En clave de fantasía énos posible interpretar a historia considerando que a xustiza, ás veces, maniféstase da forma máis imprevisible, que de fóra nos chegan costumes que facemos -ou cáseque nos obrigan a facelos- moi pronto nosos e que a tolerancia semella un bo remedio para resolver posibles desavinzas.

PEROZO, Xosé A., Noite de Reis en Kalpankalá, Ed. Everest/Galicia, A Coruña, 2006, 55 páxinas